

**Expediente núm.:** 81/2024

**CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA MUROS DE CONTENCION,  
LOTE Nº 2, CAMIÑO DA MURALLA, PARROQUIA DE PEREIRAS**

**DUNHA PARTE:** DUNHA PARTE: Como PODER ADXUDICADOR D. LEOPOLDO COSTAS ALONSO, Concelleiro delegado de contratación do Concello de Mos con D.N.I. núm. 77006025R, en nome e representación da Corporación Municipal, asistido do Secretario do Concello, D. CARLOS PIÑEIRO SARMIENTO, con D.N.I. núm. 32.656.110-C, que certifica e da fe deste acto.

**DOUTRA PARTE:** Como ADXUDICATARIO, D. MAURICIO RODRIGUEZ OSORIO co D.N.I. núm. 44085979Q en nome e representación da empresa CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L. con N.I.F. B36147429 como acredita mediante a presentación do Escritura de poder outorgada ante Notario en data 30 de xuño de 2008 e que leva o nº 915 do seu protocolo e que o apodera para formaliza-lo presente contrato.

A finalidade do presente acto é a de proceder á formalización do seguinte contrato:

Tipo de contrato: Obras	
Obxecto do contrato MUROS DE CONTENCION, Lote nº 2, CAMIÑO DA MURALLA, PARROQUIA DE PEREIRAS, de acordo co proxecto redactado a instancias do Concello polo Arquitecto municipal Ramón Vega López e Purificación Barciela García, Arquitecta técnica Municipal.	
Procedemento de contratación: aberto simplificado	Tipo de Tramitación: ordinaria
CPV 45262620-3 Muros de contención	
Duración da execución: O prazo máximo de execución das obras será de DOUS MESES E VINTE DÍAS, a contar desde a iniciación das mesmas coa acta de comprobación do replanteo.	

Recoñecéndose ambas partes respectivamente competencia e capacidade legal suficientes, conveñen subscribir o presente contrato administrativo de obras cuxos antecedentes administrativos e cláusulas son:

**ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS**

**Primeiro.** O prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por Decreto de Alcaldía de data 9 de agosto de 2024.

**Segundo.** A contracción do gasto vai con cargo á aplicación orzamentaria 453.6090017 dos orzamentos de 2024, realizándose a fiscalización previa o día 5 de agosto de 2024.

**Terceiro.** A adxudicación deste contrato acordouse por acordo da Xunta de Goberno de data 4 de outubro de 2024.

**CLÁUSULAS DO CONTRATO:**

1.- **OBJECTO DO CONTRATO.-** É obxecto do presente contrato é a execución da obra denominada MUROS DE CONTENCION, Lote nº 2, CAMIÑO DA MURALLA, PARROQUIA DE PEREIRAS, conforme co proxecto redactado a instancias deste polo Arquitecto municipal Ramón Vega López e Purificación Barciela García, Arquitecta técnica Municipal.



2.- DURACIÓN DO CONTRATO.- As obras realizaranse no prazo máximo de DOUS MESES E VINTE DÍAS, a contar desde a iniciación das mesmas a partir do seguinte ao de subscripción da acta de comprobación do reformulo, procedéndose ao seu remate a asinar a Acta de recepción ou conformidade da obra, empezando a contar dende o seguinte ao da sinatura o prazo de garantía.

3.- PREZO.- O prezo deste Lote nº 1 do contrato é o do orzamento total da obra, que ascende a cantidade de SESENTA E NOVE MIL CINCOCESTOS SESENTA E OITO EUROS E NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (69.568,95 €) (57.495,00 € + 12.073,95 € de IVE), que serán abonadas contra certificación de obra expedida polos directores técnicos da mesma e aprobada seguidamente polo Concello. Asemesmo, o contratista comprométese á realización da mellora prevista na oferta:

2.01 M2 Muro mampostería pedra granítico H> 2 m incl esc e recheo Mampostería de pedra granítica, en muros e obras de contención ou sostemento, con acabado rústico na cara v ista. Construído a base de pedra granítica cortada en bloque de peso superior aos 750 kg/ud.

Cada bloque apoiarase pola súa cara inferior en outros dous polo menos, cada dúas sogas haberá un tizón de profundidade mínima vez e media a da fiada, e no intradós terá un desplome de 0,10 m. por m. ripiado e terminado, segundo NTE-EFP-6, incluído material, man de obra e transporte. Incluso limpeza e retirada de cascallos. Recheo do trasdós con material drenante (tamaño máx. 100 mm), xeotextil e tubo PE para drenaxe. Totalmente rematado. Altura do muro > 3,00 m. Características segundo planos.

Distancia máxima da pedra 30 Km.

Medición 78,00 m2

Prezo m2 102 €/m2

4.- PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES.- O contratista presta o seu conformidade ao prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato e ás prescricións técnicas, e ambas partes sométense aos mesmos e, para canto non se atope expresamente previsto no presente contrato, na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009, do 8 de maio) e ás demais disposicións regulamentarias de desenvolvemento, ás ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia no marco das súas respectivas competencias, e supletoriamente, á Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Lei do Procedemento Administrativo Común.

5.- DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DA OBRA E RESPONSABLE DO CONTRATO.- Como Directores Facultativos da obra o Concello nomeou a Ramón Vega López e Purificación Barciela García, Arquitecto municipal e Arquitecta técnica Municipal, así como coordinadores de Seguridade e Saúde da mesma, sendo asemade, responsables do contrato, conforme á cláusula 26 dos PCAP.



6.- GARANTÍA DEFINITIVA.- O adxudicatario constituíu a garantía definitiva por cinco anos (un máis catro adicionais ofertados) mediante aval bancario N° 0589428 de 19 de setembro de 2024 de BANKINTER, S.A., por importe de 2.874,75 €, que é o cinco por cento do importe da adxudicación de conformidade coa lexislación vixente.

Así o dan e outorgan, e para a debida constancia de todo o convido asinan este contrato;

O CONCELLEIRO DELEGADO,

O CONTRATISTA,

O SECRETARIO

*Documento asinado electronicamente á marxe*



**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRAS DE “MUROS DE CONTENCION, CAMIÑO DA MILLARA, PARROQUIA DE TAMEIGA E CAMIÑO DA MURALLA, PARROQUIA DE PEREIRAS.” TRAMITACIÓN ORDINARIA. PLAN MÁIS PROVINCIA. LIÑA 1- INVESTIMENTOS**

**I  
DISPOSICIÓN XERAIS**

**1.- OBXECTO DO CONTRATO** (Arts. 13, 28, 99 123 e 124, D.A .Cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 21014/24, do 26 de febreiro – en diante LCSP-)

**1.1.-** O obxecto do contrato será a execución das obras de MUROS DE CONTENCION, CAMIÑO DA MILLARA, PARROQUIA DE TAMEIGA E CAMIÑO DA MURALLA, PARROQUIA DE PEREIRAS” de acordo co proxecto redactado por Ramón Vega López e Purificación Barciela García, Arquitecto municipal e Arquitecta técnica Municipal do Concello de Mos.

**1.2.-** A execución do obxecto do contrato deberá adecuarse ao seguinte prego de cláusulas administrativas, así como ao de prescricións técnicas que forma parte do mesmo expediente e ten tamén carácter contractual.

**1.3.-** O contrato definido ten a condición de obra, tal como establecen o artigo 13 da LCSP pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español os Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2D14/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**1.4.-** O Regulamento (CE) nº 213/2008, de 28 de novembro de 2007 da Comisión Europea que modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CPV, establece para este tipo de contrato os códigos seguintes: 45262620-3 *Muros de contención*.

**1.5.-** No expediente de contratación xustificouse a necesidade do contrato. A contratación se fracciona nos lotes que se detallan a continuación:

LOTE 1: Camiño da Millara, Parroquia de Tameiga.

LOTE 2: Camiño da Muralla, Parroquia de Pereiras.

**2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN** (arts. 61. 63 e 190 da LCSP)

**2.1.-** O órgano de contratación, que actúa en nome do Concello de Mos, é a Xunta de Goberno Local.

**2.2.-** O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista por mor da execución do contrato, suspender dita execución, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Igualmente, o órgano de contratación ostenta as facultades de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato, de conformidade co establecidos no segundo parágrafo do artigo 190 da LCSP.

**2.3.-** De conformidade co establecido no artigo 63 da LCSP, o órgano de contratación dará a información relativa á presente contratación no seu Perfil do Contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público:

(<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>).

**3.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN**

**3.1.-** A contratación para realizar cualifícase como contrato de obras de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 13 e 25 da LCSP, quedando sometida á



devandita Lei, e ás normas regulamentarias que a desenvolvan. A presente contratación levará a cabo de acordo coas cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares. Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

**3.2.-** O proxecto conta con subvención do Plan Máis Provincia. Liña 1-Investmentos da Deputación de Pontevedra.

**3.3.-** As cuestións litixiosas que puidesen suscitarse en relación aos actos que se diten na contratación para realizar poderán ser obxecto de recurso de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con todo, o anterior, os acordos que adopte o órgano de contratación nos procedementos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo 190 da LCSP, poñerán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora da devandita Xurisdición.

#### **4.- APTITUDE PARA CONTRATAR (arts. 65 e ss. LCSP)**

Só poderán ser adjudicatarias deste contrato as empresas que, de conformidade co disposto nos artigos 65 e seguintes da LCSP, reúnan os requisitos de aptitude que se enumeran nos seguintes apartados, que deberán cumprirse na data final de presentación de ofertas e no momento de formalizar o contrato.

##### **4.1.- Capacidade de obrar.**

Poderán contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acreditada segundo o establecido na cláusula 18.2 do presente prego

As persoas xurídicas só poderán ser adjudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto a ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lle sexan propios.

Así mesmo, poderán contratar as unións de empresas que se constituían temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que, no seu caso, adxudíquelles o contrato.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou dos Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo terán capacidade para contratar sempre que, con arranxo á lexislación do Estado en que estean establecidas, se atopen habilitadas para realizar a prestación de que se trate. Cando a lexislación do Estado en que se atopen establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

As restantes empresas estranxeiras poderán contratar se xustifican, mediante informe emitido pola correspondente Oficina Económica e Comercial de España no exterior, que se acompañará á documentación que se presente, acreditando que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite, á súa vez, a participación de empresas españolas na contratación do seu sector público, en forma substancialmente análoga.

As persoas que contraten coa Administración poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso, nese caso deberán acreditar debidamente a representación con arranxo ao establecido na cláusula 18.2.1 do presente prego.

##### **4.2.- Prohibicións de contratar**

Non poderán contratar quen se atopen incursos nalgunha das prohibicións enumeradas no artigo 71 da LCSP.

A ausencia de prohibicións para contratar acreditarase na forma establecida na cláusula 18.2.2 do presente prego.

##### **4.2.bis. - Obriga de estar rexistrado**

De conformidade co establecido no artigo 159.4, letra a, da LCSP, só poderán concorrer á licitación deste contrato as empresas rexistradas, na data final de presentación de ofertas, no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, ou, tratándose de empresas estranxeiras procedentes de un Estado membro da Unión Europea ou signatario do Espazo Económico Europeo, na correspondente lista oficial de operadores económicos autorizados do correspondente Estado membro.



Para ser adxudicataria do presente contrato, non é preceptivo estar clasificado, sen prexuízo do disposto na cláusula 5ª deste prego.

Así mesmo, pode acreditarse a correspondente solvencia económica, financeira e técnica, polos medios establecidos nas cláusulas 4.3.1 e 4.3.2 do presente prego:

#### **4.3.- Solvencia.**

A solvencia técnica ou profesional do empresario (art. 88.1 a) da LCSP), acreditarase da seguinte forma:

##### **4.3.1. Solvencia económica e financeira**

A solvencia económica e financeira do empresario (art. 87.1 a) de la LCSP) acreditarase da seguinte forma:

Mediante declaración sobre o **volumen anual de negocios** referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles, en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas. Establécese como requisito mínimo de solvencia neste apartado, que o ano de maior volumen de negocios no citado período deberá ser polo menos unha vez e media o valor estimado do contrato. En caso de licitar a máis de un lote, a contía mínima anteriormente sinalada se acreditará por separado para cada un dos lotes, sen que proceda a acumulación de contías para a acreditación da solvencia.

En todo caso deberá achegarse documentación xustificativa ou acreditativa do volumen ou cifra de negocios declarado, mediante as contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou o Rexistro oficial que corresponda, ou mediante os libros de contabilidade e contas anuais debidamente legalizados polo Rexistro Mercantil no caso dos empresarios individuais non inscritos no devandito Rexistro.

##### **4.3.2. Solvencia técnica o profesional**

A solvencia técnica ou profesional do empresario (art. 88.1 a) da LCSP), acreditarase da seguinte forma:

Mediante relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes.

Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, devanditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Deberase acreditar como **requisito mínimo** de solvencia técnica que o importe anual acumulado no ano de maior execución dos tres últimos anos, (tomando como criterio de correspondencia nos traballos realizados polo empresario e os que constituen o obxecto do presente lote a igualdade entre os tres primeiros díxitos dos respectivos códigos CPV), sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do lote do contrato.

Regra específica para as **empresas de nova creación**: Cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase polo medio a que se refire a letra f) do apartado 1 do art. 88 da LCSP (“Declaración responsable indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se dispoñerá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación”), sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obras. En tal suposto considerárase acreditada a solvencia técnica no apartado f) citado cando a maquinaria, material e equipo técnico, sexan adecuados e proporcionados á natureza e orzamento da obra. No que se refire á solvencia económica poderán acreditala mediante a disposición de un seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por importe no inferior ao valor estimado do contrato.

##### **4.3.4.- Utilización de medios externos para acreditar a solvencia.**

Para acreditar a solvencia esixida nesta contratación, as empresas licitadoras poderán recorrer á solvencia e medios doutras empresas, non incursas en causa de prohibición de contratar, calquera que sexa a natureza xurídica do vínculo que teñan con elas, e sempre que poidan dispoñer efectivamente de tales medios durante toda a execución do contrato.

O licitador deberá achegar o compromiso por escrito das entidades ás que vai recorrer para acreditar a súa solvencia e xustificar o establecido no artigo 75.

Neste caso, de acreditación da solvencia con medios externos establécese a esixencia de responsabilidade con carácter solidario na execución do contrato das entidades participantes

## **5.- CLASIFICACIÓN DAS PERSOAS LICITADORAS (arts.77 e 78 LCSP)**





Non se esixe clasificación. Non obstante o exposto e de conformidade co artigo 11 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, na redacción dada polo Real Decreto 773/2015 de 28 de agosto, a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, así como da solvencia técnica e profesional poderá substituírse pola correspondente clasificación do Rexistro Oficial dentro do GRUPO G: VIALES Y PISTAS, Subgrupo 6: obras viarias sen cualificación específica. Categoría 1.

## 6. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (art. 100 LCSP)

**6.1.-** O Orzamento de licitación das obras, ascende á cantidade de 127.315,68 euros (105.219,57 euros + 22.096,11 euros de IVE) que soportará a Administración:

LOTE 1: 45.172,56 € + 9.486,24 € = 54.658,80 euros.

LOTE 2: 60.047,00 € + 12.609,87 € = 72.656,87 euros.

A efectos do cálculo de este orzamento, atendeuse ao seguinte cadro de prezos:

LOTE 1:

### **RESUME do ORZAMENTO do MURO de CONTENCION no Camiño MILLARA, lugar de GANDARA, parroquia de TAMEIGA.**

#### RESUMEN DO PRESUPOSTO

##### MURO CONTENCION

CAPITULO	RESUMEN	EUROS	%
C01	ACTUACIONES PREVIAS.....	4.507,48	11,87
C02	MURO CONTENCION.....	29.899,35	78,77
C03	OBRAS ADICIONAIS.....	3.000,00	7,90
C04	XESTION DE RESIDUOS.....	173,30	0,46
C05	SEGURIDADE E SAÚDE.....	380,00	1,00
<b>TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL</b>		<b>37.960,13</b>	
	19,00% GG + BI.....	7.212,42	
	21,00% I.V.A.....	9.486,24	
<b>TOTAL PRESUPOSTO CONTRATA</b>		<b>54.658,80</b>	
<b>TOTAL PRESUPOSTO XERAL</b>		<b>54.658,80</b>	

LOTE 2:



**RESUME do ORZAMENTO do MURO de CONTENCIÓN do Camiño da Muralla, A Furna, lugar de Casalmorto, parroquia de Pereiras.**

**RESUMEN DO PRESUPOSTO**

**MURO CONTENCIÓN**

CAPITULO	RESUMEN	EUROS	%
C01	ACTUACIONES PREVIAS.....	9.437,47	18,70
C02	MURO CONTENCIÓN.....	38.020,90	75,35
C03	OBRAS ADICIONAIS.....	2.448,00	4,85
C04	XESTIÓN DE RESIDUOS.....	173,30	0,34
C05	SEGURIDADE E SAÚDE.....	380,00	0,75
<b>TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL</b>		<b>50.459,67</b>	
	19,00% GG + BI.....	9.587,34	
	21,00% I.V.A.....	12.609,87	
<b>TOTAL PRESUPOSTO CONTRATA</b>		<b>72.656,88</b>	
<b>TOTAL PRESUPOSTO XERAL</b>		<b>72.656,88</b>	

Ascende o presuposto xeral á expresada cantidade de SETENTA E DOUS MIL SEISCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS con OITENTA E OITO CÉNTIMOS

**6.2.-** O importe do orzamento do contrato e os prezos unitarios que rexerán durante a execución das obras, serán os que resulten da proposición que resulte adxudicataria do contrato.

**7.- EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO (arts. 26.1.k e 109.3 TRLCSP e 67.2.d RG)**

Existe crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven da contratación, polos seguintes importes:

- Orzamento de licitación:..... 105.219,57 euros.  
 - 21% de IVE . . . . . 22.096,11 euros.  
 Total: 127.315,68 euros.

**8.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO (art. 101 LCSP)**

O valor estimado do contrato, ascende a 105.219,57 euros, sen IVE.

**9.- PREZO DO CONTRATO**

**9.1.-** O prezo do contrato será o que resulte da súa adxudicación, e incluírá, como partida independente, o IVE.

**9.2.-** No prezo do contrato enténdense incluídas todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato, que correrán de conta da persoa contratista, salvo o Imposto do Valor Engadido (IVE), que deberá ser soportado pola Administración.

Considéranse tamén incluídos no prezo do contrato todos os gastos que resultaren necesarios para a súa execución, incluídos os posibles desprazamentos.

Tamén son de conta da persoa contratista os gastos de formalización do contrato, se este se elevase a escritura pública.

**10.- REVISIÓN DE PREZOS (art. 103 y ss. LCSP)**

Dado o prazo previsto para a execución do contrato na presente contratación non haberá revisión de prezos.

**11. PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS (arts. 29 e 195 LCSP)**





**11.1.-** O prazo máximo de execución das obras será de 6 MESES, a contar desde a iniciación das mesmas. O inicio do prazo de execución do contrato comezará coa acta de comprobación do replanteo, con duración prevista para cada lote:

LOTE 1: Camiño da Millara, Parroquia de Tameiga: 3 meses.

LOTE 2: Camiño da Muralla, Parroquia de Pereiras: 3 meses.

**11.2.-** De conformidade co establecido no artigo 195.2 da LCSP, cando a persoa contratista non puidese cumprir o prazo de execución por causas que non lle sexan imputables e así o xustificase debidamente, o órgano de contratación poderá concederlle unha ampliación do devandito prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que aquela pedise outro menor. A estes efectos a persoa responsable do contrato emitirá informe no que se fixe se o atraso producido está motivado ou non por causa imputable á persoa contratista.

### **11.BIS CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN. (art. 202 LCSP).**

**11.bis.1.-** Establécese como condición especial de execución, segundo o disposto no artigo 202 da LCSP a promoción da reciclaxe de produtos.

Para os efectos da xustificación polo contratista da promoción da reciclaxe de produtos durante a execución da obra, deberá achegarse á súa finalización a seguinte documentación xustificativa:

- Albaranes de entrega de material en xestor autorizado.
- Panel informativo da xestión de residuos durante a obra.

**11.bis.2.-** Os gastos derivados da realización da condición especial da execución establecida na presente cláusula serán a cargo exclusivo do contratista.

## **II** **ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

### **12.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN (arts. 159 LCSP)**

**12.1.-** O contrato adxudicarase por procedemento de adxudicación aberto simplificado, previsto no artigo 159 da LCSP.

**12.2.-** Antes de formalizar o contrato, o órgano de contratación poderá renunciar á celebración do mesmo, ou desistir da licitación convocada, de conformidade co establecido no artigo 152 da LCSP.

### **13.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (arts. 145, 146 e 147 LCSP)**

**13.1.-** O contrato adxudicarase á proposición que oferte a mellor relación calidade-prezo na execución do contrato, avaliada mediante a aplicación dos seguintes criterios de adxudicación:

#### **A) LOTE 1.- Camiño da Millara, Parroquia de Tameiga:**

##### **13a.1.1.- Criterios que dependen de un xuízo de valor (Arquivo N.º I): 25 PUNTOS:**

- 1º.- Memoria descritiva do proceso de execución ..... de 0 a 10 puntos.  
2º.- Programa de Traballo ..... de 0 a 10 puntos.  
3º.- Programa de seguridade ..... de 0 a 2,5 puntos.  
4º.- Plan de control de calidade..... de 0 a 2,5 puntos.

##### **13a.1.2.- Criterios avaliados mediante fórmulas (Arquivo N.º II): 75 PUNTOS:**

- 1º.- Melloras de obras previstas..... de 0 a 34 puntos  
2º.- Baixa económica..... de 0 a 20 puntos  
3º.- Ampliación do prazo de garantía..... de 0 a 10 puntos  
4º.- Acreditación ISO..... de 0 a 6 puntos  
5º.- Redución do prazo de execución da obra..... de 0 a 5 puntos



**13a.2.- A valoración** dos criterios de adxudicación farase de acordo ao seguinte procedemento:

**13a.2.1.- Criterios que dependan de un xuízo de valor:**

**1º.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROCESO DE EXECUCIÓN: Ata 10 puntos.**

Realizarse unha descrición das fichas de dimensionamento dos equipos de traballo dedicados o contrato, relación das fontes de suministro de materiais e estudo dos medios de transporte e das plantas de produción de materiais.

Valorarase:

- Mellor adecuación equipos de traballo e fontes de subministro asignados (5 puntos).
- Mellor adecuación medios de transporte e plantas de produción (5 puntos).

Os criterios serán en congruencia coa obra valorados proporcionalmente.

O contido desta documentación estará limitado a un máximo de 20 páxinas en tamaño A4 por unha cara ou 10 follas polas dúas caras. O formato será en letra arial, tamaño 12 entreliñado 1,15 e texto xustificado.

En ningún caso pode figurar nesta memoria técnica ningún dato que figure nos criterios de adxudicación cuantificables que non dependen de xuízo de valor.

**2º.- PROGRAMA DE TRABALLO: Ata 10 puntos:**

Presentarase polos licitadores unha programación dos traballos a realizar, tendo en conta os condicionantes existentes no entorno e o coñecemento do ámbito de execución, en función dos medios que se destinen e dos seus procedementos de construción.

Valorarase:

- Análise correcta do ámbito de actuación e posibles afeccións. (5 puntos).
- Adequación de medios humanos e materiais asignados a obra. (5 puntos).

O contido desta documentación estará limitado a un máximo de 10 páxinas en tamaño A4 por unha cara ou 5 follas polas dúas caras. O formato será en letra arial, tamaño 12 entreliñado 1,15 e texto xustificado.

**3º.- PROGRAMA DE SEGURIDADE. Ata 2,5 puntos:**

Os licitadores presentarán un programa detallado para garantir a seguridade e a accesibilidade durante o transcurso da obra na contorna da mesma, así como as medidas de prevención de impactos durante a execución dos traballos, de acordo co esixido pola autoridade ambiental autonómica.

As condicións de seguridade alcanzarán a todo tipo de usuarios, debendo preverse expresamente as medidas concretas para garantir a accesibilidade ás persoas que posúan algún tipo de discapacidade. Así:

- Garantirse a seguridade nas rúas tanto para os peóns como para os residentes, durante o período de duración das obras, especialmente nos seus entroncamentos coas rúas existentes.
- Facilitarse o acceso ás vivendas e establecementos comerciais durante o tempo no que duren as obras.
- Garantirse a mobilidade e tránsito, especialmente, das persoas pertencentes aos grupos de poboación máis necesitados e que teñen dificultades: anciáns, discapacitados, nenos pequenos, etc.

Valorarase a corrección do plan e programa presentados e o seu reflexo no aumento da seguridade na súa execución, así como o menor impacto a veciños e usuarios das vías.

So se avaliarán aquelas medidas que se propoñan por encima das mínimas legalmente establecidas e que se xustifiquen adecuadamente de tal forma que supoñan un compromiso certo e concreto por parte do licitador, mais alá dunha xenérica declaración de intencións.

O contido desta documentación estará limitado a un máximo de 10 páxinas en tamaño A4 por unha cara ou 5 follas polas dúas caras. O formato será en letra arial, tamaño 12 entreliñado 1,15 e texto xustificado.

**4º.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE: Ata 2,5 puntos:**

Os licitadores presentarán un programa detallado para o control da execución e da calidade dos materiais e unidades de obra.



Para a valoración deste criterio teranse en especial consideración a aplicación de modernas tecnoloxías de control, así como a corrección e específica adecuación do programa proposto ás características concretas da obra, co fin de garantir a máxima calidade do proceso construtivo.

Ambos os plans poderán ser rectificadas polo Concello, de así estimarse para unha máis correcta execución da obra.

O contido desta documentación estará limitado a un máximo de 10 páxinas en tamaño A4 por unha cara ou 5 follas polas dúas caras. O formato será en letra arial, tamaño 12 entreliñado 1,15 e texto xustificadado.

### **13a.2.2.- Criterios avaliados mediante fórmulas:**

#### **1º.- MELLORAS DE OBRAS PREVISTAS. Ata 34 puntos:**

2.01 M2 Muro mampostería pedra granítico H > 2 m incl esc e recheo

Mampostería de pedra granítica, en muros e obras de contención ou sostemento, con acabado rústico na cara vista. Construído a base de pedra granítica cortada en bloque de peso superior aos 750 kg/ud.

Cada bloque apoiarase pola súa cara inferior en outros dous polo menos, cada dúas sogas haberá un tizón de profundidade mínima vez e media a da fiada, e no intradós terá un desplome de 0,10 m. por m. ripiado e terminado, segundo NTE-EFP-6, incluído material, man de obra e transporte. Incluso limpeza e retirada de cascallos. Recheo do trasdós con material drenante (tamaño máx. 100 mm), xeotextil e tubo PE para drenaxe. Totalmente rematado. Altura do muro > 3,00 m. Características segundo planos.

Distancia máxima da pedra 30 Km.

Medición 60,00 m<sup>2</sup>

Prezo m<sup>2</sup> 102 €/m<sup>2</sup>

**TOTAL MELLORA 1 (LOTE 1) = 60,00 m<sup>2</sup> x 102 €/m<sup>2</sup> = 6.120,00 €**

#### **2º.- BAIXA ECONÓMICA: Ata 20 puntos**

Asignarase a máxima puntuación de 20 puntos, á oferta que maior baixa presente, sen considerarse incurso en desproporción. O resto das ofertas interpolaranse mediante regra de tres simple.

#### **3º.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA: Ata 10 puntos.**

Con respecto á ampliación do prazo de garantía, aplicarase un valor de 2,5 puntos por cada ano de ampliación deste prazo cun máximo de 10,00 puntos.

\*O mínimo prazo de garantía recollido no proxecto técnico é de UN (1) ANO

#### **4º.- ACREDITACIÓN ISO: Ata 6 puntos.**

Os certificados irán incluídos dentro do Arquivo II. Valorarase do seguinte xeito:

Por dispoñer de ISO 14.001 MEDIOAMBIENTAL: 2,00 puntos

Por dispoñer de ISO 9001 de CALIDADE: 2,00 puntos

Por dispoñer de ISO 45001 OHSAS PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS: 2,00 puntos

#### **5º.- REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA: Ata 5 puntos.**

Con respecto á redución do prazo de execución concederase medio punto por cada día de redución respecto do prazo de execución da obra previstas nestes pregos (3 meses), acadando un valor máximo de cinco (5) puntos as ofertas que ofrezan unha redución do prazo de execución máximo de 10 días naturais.

### **B. LOTE 2.- Camiño da Muralla, Parroquia de Pereiras.**

#### **13b.1.1.- Criterios que dependen de un xuízo de valor (Arquivo N.º I): 25 PUNTOS:**

1º.- Memoria descritiva do proceso de execución ..... de 0 a 10 puntos.

2º.- Programa de Traballo ..... de 0 a 10 puntos.

3º.- Programa de seguridade ..... de 0 a 2,5 puntos.



4º.- Plan de control de calidade..... de 0 a 2,5 puntos.

**13b.1.2.- Criterios avaliados mediante fórmulas (Arquivo Nº II): 75 PUNTOS:**

- 1º.- Melloras de obras previstas..... de 0 a 34 puntos  
2º.- Baixa económica..... de 0 a 20 puntos  
3º.- Ampliación do prazo de garantía..... de 0 a 10 puntos  
4º.- Acreditación ISO..... de 0 a 6 puntos  
5º.- Redución do prazo de execución da obra..... de 0 a 5 puntos

**13b.2.- A valoración dos criterios de adxudicación farase de acordo ao seguinte procedemento:**

**13b.2.1.- Criterios que dependan de un xuízo de valor:**

**1º.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROCESO DE EXECUCIÓN: Ata 10 puntos.**

Realizarse unha descrición das fichas de dimensionamento dos equipos de traballo dedicados o contrato, relación das fontes de suministro de materiais e estudo dos medios de transporte e das plantas de produción de materiais.

Valorarase:

- Mellor adecuación equipos de traballo e fontes de subministro asignados (5 puntos).
- Mellor adecuación medios de transporte e plantas de produción (5 puntos).

Os criterios serán en congruencia coa obra valorados proporcionalmente.

O contido desta documentación estará limitado a un máximo de 20 páxinas en tamaño A4 por unha cara ou 10 follas polas dúas caras. O formato será en letra arial, tamaño 12 entreliñado 1,15 e texto xustificadado.

En ningún caso pode figurar nesta memoria técnica ningún dato que figure nos criterios de adxudicación cuantificables que non dependen de xuízo de valor.

**2º.- PROGRAMA DE TRABALLO: Ata 10 puntos:**

Presentarase polos licitadores unha programación dos traballos a realizar, tendo en conta os condicionantes existentes no entorno e o coñecemento do ámbito de execución, en función dos medios que se destinen e dos seus procedementos de construción.

Valorarase:

- Análise correcta do ámbito de actuación e posibles afeccións. (5 puntos).
- Adecuación de medios humanos e materiais asignados a obra. (5 puntos).

O contido desta documentación estará limitado a un máximo de 10 páxinas en tamaño A4 por unha cara ou 5 follas polas dúas caras. O formato será en letra arial, tamaño 12 entreliñado 1,15 e texto xustificadado.

**3º.- PROGRAMA DE SEGURIDADE. Ata 2,5 puntos:**

Os licitadores presentarán un programa detallado para garantir a seguridade e a accesibilidade durante o transcurso da obra na contorna da mesma, así como as medidas de prevención de impactos durante a execución dos traballos, de acordo co esixido pola autoridade ambiental autonómica.

As condicións de seguridade alcanzarán a todo tipo de usuarios, debendo preverse expresamente as medidas concretas para garantir a accesibilidade ás persoas que posúan algún tipo de discapacidade. Así:

- Garantirse a seguridade nas rúas tanto para os peóns como para os residentes, durante o período de duración das obras, especialmente nos seus entroncamentos coas rúas existentes.
- Facilitarse o acceso ás vivendas e establecementos comerciais durante o tempo no que duren as obras.
- Garantirse a mobilidade e tránsito, especialmente, das persoas pertencentes aos grupos de poboación máis necesitados e que teñen dificultades: anciáns, discapacitados, nenos pequenos, etc.

Valorarase a corrección do plan e programa presentados e o seu reflexo no aumento da seguridade na súa execución, así como o menor impacto a veciños e usuarios das vías.



So se avaliarán aquelas medidas que se propoñan por encima das mínimas legalmente establecidas e que se xustifiquen adecuadamente de tal forma que supoñan un compromiso certo e concreto por parte do licitador, mais alá dunha xenérica declaración de intencións.

O contido desta documentación estará limitado a un máximo de 10 páxinas en tamaño A4 por unha cara ou 5 follas polas dúas caras. O formato será en letra arial, tamaño 12 entreliñado 1,15 e texto xustifico.

#### **4º.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE: Ata 2,5 puntos:**

Os licitadores presentarán un programa detallado para o control da execución e da calidade dos materiais e unidades de obra.

Para a valoración deste criterio teranse en especial consideración a aplicación de modernas tecnoloxías de control, así como a corrección e específica adecuación do programa proposto ás características concretas da obra, co fin de garantir a máxima calidade do proceso construtivo.

Ambos os plans poderán ser rectifico polo Concello, de así estimarse para unha máis correcta execución da obra.

O contido desta documentación estará limitado a un máximo de 10 páxinas en tamaño A4 por unha cara ou 5 follas polas dúas caras. O formato será en letra arial, tamaño 12 entreliñado 1,15 e texto xustifico.

#### **13b.2.2.- Criterios avaliobles mediante fórmulas:**

##### **1º.- MELLORAS DE OBRAS PREVISTAS. Ata 34 puntos:**

2.01 M2 Muro mampostería pedra granítico H> 2 m incl esc e recheo Mampostería de pedra granítica, en muros e obras de contención ou sostemento, con acabado rústico na cara v ista. Construido a base de pedra granítica cortada en bloque de peso superior aos 750 kg/ud.

Cada bloque apoiarase pola sua cara inferior en outros dous polo menos, cada duas sogas haberá un tizón de profundidade mínima vez e media a da fiada, e no intradós terá un desplome de 0,10 m. por m. ripiado e terminado, segundo NTE-EFP-6, incluído material, man de obra e transporte. Incluso limpeza e retirada de cascallos. Recheo do trasdós con material drenante (tamaño máx. 100 mm), xeotextil e tubo PE para drenaxe. Totalmente rematado. Altura do muro > 3,00 m. Características segundo planos. Distancia máxima da pedra 30 Km.

Medición 78,00 m<sup>2</sup>

Prezo m<sup>2</sup> 102 €/m<sup>2</sup>

**TOTAL MELLORA 2 (LOTE 2) = 78,00 m<sup>2</sup> x 102 €/m<sup>2</sup> = 7.956,00 €**

##### **2º.- BAIXA ECONÓMICA: Ata 20 puntos**

Asignarase a máxima puntuación de 20 puntos, á oferta que maior baixa presente, sen considerarse incura en desproporción. O resto das ofertas interpolaranse mediante regra de tres simple.

##### **3º.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA: Ata 10 puntos.**

Con respecto á ampliación do prazo de garantía, aplicarase un valor de 2,5 puntos por cada ano de ampliación deste prazo cun máximo de 10,00 puntos.

\*O mínimo prazo de garantía recollido no proxecto técnico é de UN (1) ANO

##### **4 º. - ACREDITACIÓN ISO: Ata 6 puntos.**

Os certificados irán incluídos dentro do Arquivo II. Valorarase do seguinte xeito:

Por dispoñer de ISO 14.001 MEDIOAMBIENTAL:	2,00 puntos
Por dispoñer de ISO 9001 de CALIDADE:	2,00 puntos
Por dispoñer de ISO 45001 OHSAS PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS:	2,00 puntos

##### **5º.- REDUCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA: Ata 5 puntos.**



Con respecto á redución do prazo de execución concederáse medio punto por cada día de redución respecto do prazo de execución da obra previstas nestes pregos (3 meses), acadando un valor máximo de cinco (5) puntos as ofertas que ofrezan unha redución do prazo de execución máximo de 10 días naturais.

**13.4.-** De conformidade co disposto no artigo 147.2 LCSP, o empate entre varias ofertas trala aplicación dos criterios de adxudicación do contrato resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

- a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no persoal.
- b) Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas.
- c) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas.
- d) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

A efectos de aplicación destes criterios os licitadores deberán acreditarlos, no seu caso, mediante os correspondentes contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social e calquera outro documento admitido en dereito que acredite os criterios sociais anteriormente referidos.

#### **14. PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS (art. 159 LCSP)**

**14.1.-** As proposicións e a documentación complementaria presentaranse no prazo de VINTE DIAS NATURAIS contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, na forma indicada nos apartados seguintes.

Se o último día do prazo fora inhábil entenderase que o prazo conclúe ás 13:30 horas do primeiro día hábil seguinte, de conformidade coa disposición adicional duodécima LCSP.

**14.2.-** A presente licitación ten, exclusivamente, carácter electrónico, polo que os licitadores deberán preparar e presentar as súas ofertas, obrigatoriamente, de forma telemática, a través dos servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público: (<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>).

No se admitirán as ofertas que no sexan presentadas de esta maneira.

Asemade, todas as comunicacións que se produzan neste procedemento de licitación se producirán a través da mencionada Plataforma de Contratación do Sector Público.

**14.3.-** O Concello de Mos publicará un anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello aloxado na Plataforma de contratación do sector público.

**14.4.-** Toda a documentación necesaria para a presentación das ofertas estará dispoñible para ser examinada polas persoas interesadas na licitación no Perfil do Contratante do órgano de contratación. De conformidade co artigo 138.3 da LCSP os interesados poderán solicitar información adicional ou realizar consultas ou preguntas durante o prazo de licitación e antes do 7º día para a terminación do citado prazo de licitación a través do perfil de contratante.

**14.5.-** As respostas ás solicitudes de aclaración do contido dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas terán carácter vinculante, e publicaranse no Perfil do Contratante.

**14.6.-** Cando nos casos previstos no artigo 136, ou por razóns debidamente xustificadas no expediente, se estime necesario ampliar os prazos fixados de presentacións de ofertas, dita ampliación acordarase mediante resolución da Alcaldía do que se dará o oportuno coñecemento no perfil do contratante.

**14.7.-** As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento de apertura das proposicións.

**14.8.-** As persoas licitadoras poderán presentar proposicións referidas a un ou á totalidade dos lotes que integran a presente contratación, especificándose, no seu caso, a oferta correspondente a cada lote. Non poderán subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

**14.9.-** A persoa empresaria que licitase en unión temporal con outras empresas non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación.





**14.10.-** A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional por persoa empresaria da totalidade do contido das cláusulas e condicións do presente prego e do de prescricións técnicas, sen excepción algunha. Así mesmo, presupón a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial 14 de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea.

**14.11.-** Se durante a tramitación do procedemento de adxudicación, e antes da formalización do contrato, se producise a extinción da personalidade xurídica da empresa licitadora por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, ou dunha rama da súa actividade, sucederlle na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio ou rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar.

## **15.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS (art. 159.4 LCSP)**

**15.1.-** As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse mediante DOUS ARQUIVOS ELECTRÓNICOS por cada lote, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, o lote ao que se presenta, nome do licitador, dirección, teléfono, correo electrónico.

En caso de Unión Temporal de Empresas indicaranse os datos de cada un dos empresarios, debendo os sobres ir asinados polos representantes de cada unha das empresas integrantes.

Ditos sobres ou arquivos electrónicos denominaranse:

- ARQUIVO ELECTRÓNICO I) DECLARACIÓN RESPONSABLE E DOCUMENTOS ADICIONAIS/DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CRITERIOS CON PONDERACIÓN DEPENDENTE DE UN XUÍZO DE VALOR. (Lote ao que se presenta)

- ARQUIVO ELECTRÓNICO II) OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN EVALUABLES MEDIANTE FÓRMULAS. (Lote ao que se presenta)

**15.2.-** ARQUIVO ELECTRÓNICO I: DECLARACIÓN RESPONSABLE E DOCUMENTOS ADICIONAIS/ DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CRITERIOS CON PONDERACIÓN DEPENDENTE DE UN XUÍZO DE VALOR. (Lote ao que se presenta)

Documentación a incluír dentro do arquivo electrónico I):

### **15.2.1.- DECLARACIÓN RESPONSABLE.**

#### **1.- Declaración responsable (Art. 140 LCSP).**

A declaración responsable axustarase ao formulario de documento europeo único de contratación (DEUC), que deberá estar asinada e coa correspondente identificación, na que o licitador poña de manifesto:

- Que a sociedade está validamente constituída e que conforme ao seu obxecto social pode presentarse á licitación, así como que o asinante da declaración ostenta a debida representación para a presentación da proposición e daquela.

- Que conta coa correspondente clasificación, no seu caso, ou que cumpre os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional esixidos, nas condicións que estableza o prego de conformidade co formulario normalizado do documento europeo único de contratación.

- Que non está incurso en prohibición de contratar por si mesma nin por extensión como consecuencia da aplicación do artigo 71.3 da LCSP.

Poderase acceder ao DEUC na seguinte dirección:

<https://visor.registrodelicitadores.gob.es/espdl-web/filter?lang=es>

#### **2) Integración da solvencia con medios externos.**

Cando o empresario recorra á integración da solvencia con medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da LCSP 2017, cada unha delas tamén deberá presentar unha declaración responsable na que figure a información pertinente para estes casos con arranxo ao formulario normalizado do documento europeo único de contratación. A presentación do compromiso a que se refire o apartado 2 do artigo 75 realizarase de conformidade co disposto no apartado terceiro do art. 140 da LCSP.

#### **Concreción das condicións de solvencia**



Cando a empresa recorra ás capacidades doutras entidades de conformidade co disposto no artigo 76.2 da LCSP, deberá presentar compromiso por escrito das devanditas entidades para demostrar que vai dispoñer de tales recursos.

### **3) Unións Temporais de Empresarios**

En todos os supostos en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, achegarase unha declaración responsable por cada empresa participante na que figurará a información requirida nestes casos no formulario do documento europeo único de contratación.

Adicionalmente achegarase o compromiso de constituír a unión temporal por parte dos empresarios que sexan parte da mesma, de conformidade co esixido no apartado 3 do artigo 69 da LCSP, cunha duración que será coincidente, polo menos, coa do contrato ata a súa extinción.

No escrito de compromiso indicaranse: os nomes e circunstancias dos que a constituían; a participación de cada un deles, así como a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

### **4) Empresas estranxeiras**

Ademais da declaración responsable (a que se refire o anterior punto 1) deste apartado), as empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia a executarse en España, deberán achegar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. (Art. 140.1.f) da LCSP)

### **5) Empresas vinculadas**

Unicamente, as empresas pertencentes a un mesmo grupo, entendéndose por tales as que se atopen nalgún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio e que presenten distintas proposicións para concorrer individualmente á adxudicación, deberán presentar declaración na que fagan constar esta condición.

Tamén deberán presentar declaración explícita aquelas sociedades que, presentando distintas proposicións, concorran nalgún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio, respecto dos socios que a integran.

### **6) Dirección de correo “habilitada” a efectos de practicar notificacións (de conformidade con DAA 15ª da LCSP).**

